

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 12 DE XULLO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido(se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. Edgar Antonio Vigo López.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bertoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

Interventora:

D^a Águeda Bello Valdés.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as catorce horas e sete minutos do día doce de xullo de dous mil sete, reúnese, en primeira primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido(quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Edgar Antonio Vigo López, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bertoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión constitutiva celebrada o día 16 de Xuño de 2007, previamente remitida coa convocatoria.

Pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que lle gustaría que houbera unha pequena modificación na acta á hora do xuramento, xa que ela o fixo en español e que, sen ánimo de causar polémica, lle gustaría que así constase, xa que se o fixese en galego o pediría igual.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que interpreta que as actas son traducións, fáganse en castelán ou en galego, do que se di no Pleno, pero que non cre que haxa ningún problema se a concelleira quere que conste en castelán a súa intervención, o único por unha cuestión de traballo, porque se nos Plenos as intervencións van ser en castelán, a persoa que pasa as actas vai ter que facelas en dous idiomas a partires de agora. Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que o Concello está suxeito a unha norma de normalización lingüística que se van aplicando desde hai tempo, que tódolos documentos do Concello se redactan en galego así como que entnde que o importante da acta é o contido do que se dí e que a lingua na que esta redactada é na que se redacta toda a documentación do Concello, e que está en Galego, e se a concelleira quere que isto en concreto figure en castelán, se hai marxe legal para facelo, dalle igual, pero di que isto é unha frase, pero unha intervención dun pleno de arriba a abaixo non sería posible.

A continuación, con permiso da Presidencia pide o uso da palabra a Sra. Secretaria e pregunta á Sra. Bértoa Puente se ao que se refire é a que, onde dí " Sí, xuro" diga " Sí, juro", contestando á Sra. Bértoa Puente que sí.

Continúa a Sra. Secretaria e manifesta que ela non pode modificar neste senso á acta porque, e que ademáis non actuou como Secretaria na sesión constitutiva da Corporación, polo que descoñece na lingua na que se fixo o xuramento.

Intervén novamente a Sra. Bértoa Puente e manifesta que de tódolos xeitos desexa que conste en acta que o xuramento que fixo na sesión constitutiva do cargo de Concelleira, fíxoo e castelán.

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a acta da sesión constitutiva celebrada en data 16 de xuño de 2007, resultado aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión constitutiva celebrada en data 16 de xuño de 2007.

2º.- DACCIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

A continuación, pola Secretaria Xeral, de orde da Presidencia, procédese a dar conta dos escritos presentados no rexistro xeral do Concello de constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros, titulares e suplentes, segundo os cales quedan constituídos os seguintes grupos políticos:

GRUPO DO PSdeG-PSOE

Don José Iván Puentes Rivera

Don Antón Lois Noceda Carballo

Dona Carmen Silvar Canosa

Don Manuel López Rodríguez

Dona Amalia García Balado

Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira

Don José Antonio López Rodríguez

VOCEIRO: Don Antón Lois Noceda Carballo

GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Dona Rita María Couto Sejjido

Don Edgar Antonio Vigo López

Dona Inés Roca Requeijo

Don Manuel Vicente Pico Sanmartín

Don Manuel Polo Gundín

VOCEIRO: Don Manuel Polo Gundín

VOCEIROS/AS SUPLENTEs: Dona Rita María Couto Sejjido, Don Edgar Antonio Vigo López, Dona Inés Roca Requeijo e Don Manuel Vicente Pico.

GRUPO DO PARTIDO POPULAR

Don Gumersindo Pedro Galego Feal

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente

Don Juan José Franco Casal

Dona Pilar Fornos Corral

VOCEIRO: Don Gumersindo Galego Feal

GRUPO MIXTO

Don Manuel Sánchez Martínez

3º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNs DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNs.-

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía números 625 de data 27 de Xuño de 2007, 626 de data 27 de Xuño de 2007 e a 663 e 664 de datas 9 de Xullo de 2007 que transcritas literalmente din:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 625/ 2007

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 16 de xuño de 2007 como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 27 de maio.

Considerando que segundo o disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, artigo 65 da Lei 6/1997, de 22 de maio, de Administración local de Galicia e artigo 35.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de Concelleiros/as non superior ó tercio do número legal de membros da Corporación, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Considerando que corresponde ó Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/ás seguintes señores/as Concelleiros/as:

- Don Rita María Couto Seijido
- Don Antón Lois Noceda Carballo
- Don Manuel Polo Gundín
- Don José Antonio López Rodríguez

Segundo.- Notificar persoalmente ós designados a presente Resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM 626 / 2007.

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 16 de xuño de 2007 como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 27 de maio de 2007.

Considerando que os Tenentes de Alcalde son órganos de carácter necesario no Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reGuladora das bases do Réxime Local, artigo 59.2 da lei 5/97, do 22 de xuño, de Administración local de Galicia e 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, 62.1 da Lei 5/97, do 22 de decembro e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Considerando que segundo dispón o artigo 46 do Real decreto 2568/1986 citado, os nomeamentos se farán mediante resolución do Alcalde da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós designados e se publicarán no “Boletín Oficial” da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo Alcalde se nela non se dispón outra cousa.

Considerando que esta Alcaldía, por Resolución núm. 625/ 2007 do día da data, en uso das atribucións que legalmente lle están conferidas, procedeu ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde, e pola orde que de seguido se indica, ós/ás seguintes señores/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

Primeira Tenente de Alcalde: Dona Rita María Couto Seijido
Segundo Tenente de Alcalde: Don Antón Lois Noceda Carballo.
Terceiro Tenente de Alcalde: Don Manuel Polo Gundín.
Cuarto Tenente de Alcalde: Don José Antonio López Rodríguez.

Segundo.- Corresponde ós nomeados substituírme , pola orde sinala, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así

como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Terceiro.- Da presente resolución darás conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós/ás designados/as e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 663 /2007

O pasado día 16 de xuño de 2007 constituíuse a nova Corporación municipal saída das eleccións celebradas o pasado día 25 de maio .

Por Resolución da Alcaldía núm. 662 /2007 desta mesma data creáronse as áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e a administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, concede ó Alcalde.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Efectuar a favor dos Sres/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan:

I.- Dona Rita María Couto Seijido- Delégaselle a área de dinamización social, benestar e Igualdade.

II.- Don Antón Lois Noceda Carballo- Delégaselle a área de organización e seguridade.

III.- Don Manuel Polo Gundín- Delégaselle a área de facenda e promoción económica.

IV.- Don José Antonio López Rodríguez- Delégaselle a área de desenvolvemento territorial

Segundo.- As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaráanse ó seguinte réxime xurídico:

a) Abarcarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

b) A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidade aplicadas para outorgalas.

c) A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

d) Corresponderá á Alcaldía resolver-las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

Terceiro.- Conferir, de conformidade co disposto no artigo 43.5 do R.O.F. as seguintes delegacións especiais a prol dos Sres/as Concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

- 1.- Conferi-la delegación dos servizos de cultura e ensino (integrados na área de dinamización social, benestar e Igualdade) a Don Edgar Antonio Vigo López.
- 2.- Conferi-la delegación dos servizos de mocidade, deporte e ocio (integrados na área de dinamización social, benestar e igualdade) a Dona Maria Carmen Silvar Canosa.
- 3.- Conferi-la delegación dos servizos de Urbanismo e Vivenda(integrados na área de desenvolvemento territorial) a Don Manuel Angel Rodriguez Carballeira.
- 4.- Conferi-la delegación dos servizos de servizos e mantemento(integrados na área de desenvolvemento territorial) a Dona Inés Roca Requeijo.
- 5.- Conferi-la delegación dos servizos de medio ambiente, praias e espazos Públicos(integrados na área de desenvolvemento territorial) a Dona Amalia García Balado.
- 6.- Conferi-la delegación dos servizos de tráfico, policía local e protección Civil(integrados na Área de Organización e Seguridade) a Don Manuel Vicente Pico Sanmartin.
- 7.- Conferi-la delegación dos servizos de facenda (facenda, estadística e patrimonio)(integrados na área de facenda e promoción económica) a Don Manuel López Rodriguez

Quinto.- As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos , pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concelleiro que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisa-la actuación dos/as Concelleiros/as con delegacións especiais.

Sexto.- A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Asi mesmo, esta resolución será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 664 / 2007

En uso das facultades que me confiren os artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me asigna a lexislación vixente:

- 1.- Concesión de toda clase de licencias de obra, de primeira ocupación, apertura de establecementos e actividades, así como a modificación e transmisión das mesmas.
- 2.- A concesión de licencias para a utilización privativa especial de bens de dominio público.

- 3.- Contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere os 12.000 euros e non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do Presuposto nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- 4.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere os 12.000 euros e non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non suere a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:
 - 1º A de bens inmobles, sempre que esté prevista no presuposto.
 - 2º A de bens mobles, agás os declarados de valor histórico ou artístico cuxo alleamento non se atope previsto no presuposto.
- 5.- Aprobación de certificacións de obra dentro dos límites de competencia desta Alcaldía.
- 6.- Aprobación da oferta de emprego público dacordo có presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuir as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- 7.- O recoñecemento de servizos a efectos de trienios, a concesión de anticipos e a declaración de situacións administrativas do persoal ó servizo da Corporación.
- 8.- A análise, estudo e posterior acordo ou informe, segundo proceda, dos escritos e comunicacións de outras entidades ou organismos que requiran un acto administrativo resolutorio, de coñecemento ou de informe polo Concello, sen prexuízo de que, por razóns de urxencia, a Alcaldía poida realizar estas actuacións dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.
- 9.- Concesión, transmisión ou modificación de licencias de auto-turismo.
- 10.- A aprobación dos padróns dos impostos, taxas e prezos públicos municipais.
- 11.- A resolución dos expedientes de devolución de fianzas e depósitos.
- 12.- A concesión de subvencións .
- 13.- Autorizar , dispoñer gastos e recoñecer obrigas e a aprobación das facturas dentro dos límites que competan ó Alcalde establecidos nas Bases de Execución do Presuposto Municipal, agás os relativos a anuncios en prensa, nóminas de persoal, seguros sociais, intereses, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda municipal.
- 14.- A concesión de aprazamentos e fraccionamento de ingresos públicos.
- 15.- A aprobación das baixas xustificadas de dereitos e obrigas pertencentes a agrupación de orzamentos pechados.
- 16.- A aprobación dos expedientes de incorporación de remanentes de crédito.
- 17.- A aprobación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de débedas que sexan competencia da Alcaldía.
- 18.- A resolución final dos expedientes de reposición da legalidade urbanística
- 19.- A aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento urbanístico e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Segundo.- A Alcaldía poderá avocar en calquera momento as competencias delegadas de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Terceiro.- Inicia-lo expediente de modificación presupostaria para acomoda-las bases de execución do presuposto á presente Resolución.

Cuarto.- Do presente acordo daráse conta ó Pleno do Concello e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebren e publicarásese no Boletín Oficial da Provincia, producindo efectos dende o día seguinte ó da data da presente Resolución.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.”

4º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.-

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto epigrafiado que ,transcrita di:

“Visto o disposto no artigo 46.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia

PROPÓNSE AO PLENO DA COPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación con carácter mensual, o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarásese a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil. “

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007 que devén en acordo nos termos trescritos anteriormente.

5º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

De seguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto do epígrafe que, transcrita di:

“ Visto o disposto no artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, segundo o cal a Xunta de Goberno Local, para exercer as súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o Presidente o decida

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno local con carácter semanal, os xoves ás 08:30 horas. No suposto de que o día prefixado coincida con festivo celebrarásese sesión, co mesmo carácter de ordinaria o día hábil anterior á mesma hora.”

Intervén a continuación o Sr. Alcalde- Presidente e manifesta que o grupo de goberno, volveu a constituír de novo a Xunta de Goberno Local, constituída polo Alcalde e polos catro tententes de alcalde, na que se delegaron toda unha serie de competencias que afectan á xestión diaria da vida municipal, e a proposta tamén é reunir a Xunta de Goberno Local unha vez cada semán , tódolos xoves as oito horas e trinta minutos da mañá, coa idea sobre todo do trámite de licenzas de obra, licenzas urbanísticas, contratacións, vacantes e demais que se poidan ir visando, ir xestionando cada semán, par ir vencendo o retraso que hai

acumulado no Concello nos últimos meses, e se poida facer máis áxil a tramitación de todos estes documentos.

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, José Antonio López Rodríguez, Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Polo Gundín e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: catro (4), dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.-

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“ Visto o disposto no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, artigos 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigos 123 a 127 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Crear catro (4) Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

- a) COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, BENESTAR E IGUALDADE.
- b) COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL
- c) COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE
- d) COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 59.2 c) da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, crear a COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS que terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1982, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no artigo 127 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro

Segundo.- As Comisións Informativas dictaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas:

COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, BENESTAR E IGUALDADE, sobre as materias da área de dinamización social, benestar e igualdade.

COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, sobre as materias da área de desenvolvemento territorial.

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE, sobre as materias da área de organización e seguridade e da área da Presidencia e sobre todas as demás materias non incluídas expresamente nas demás áreas.

COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA, sobre as materias da área de facenda e promoción económica.

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 127 do R.O.F.

Terceiro.- Atribuir a cada unha das Comisións Informativas as funcións de estudo, informe ou consulta dos asuntos que, relacionados co seu ámbito de actuación, teñan que ser sometidos á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local cando ésta actúe con competencias delegadas do Pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, e igualmente informarán aqueles asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e do Alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles. Tal e como se indicou no apartado anterior, a Comisión Especial de Contas terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril e no artigo 127 do R.O.F.

Terceiro.- As Comisións Informativas estarán compostas por

- Cinco (5) representantes do grupo político do PSdG-PSOE, incluído o Sr. Alcalde-Presidente, Presidente nato de tódalas Comisións.
- Tres(3) representantes do grupo político do BNG
- Dous (2) representantes do Grupo político do PP
- Un (1) representante do Grupo mixto

A Comisión Especial de Contas estará formada polos membros da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica.

Cuarto.- As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que estableza o Alcalde –Presidente ou o seu respectivo Presidente.

A Comisión Especial de Contas reuniráse cando sexa convocada pola Presidencia para dictamina-la conta xeral de cada exercicio

Quinto.- A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizaráse mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno, poidendo desinarse un suplente.

Sexto.- As Comisións Informativas permanentes axustarán o su funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen, unha vez concedido, manifesta que o grupo municipal do Partido popular váise a abster porque consideran que, o fin e o cabo, ven a ser como no apartado anterior á hora de fixar as sesións da Xunta de Goberno Local, que creen que é un acto de organización por parte do actual grupo de goberno, co que, desde logo con eles, non se contou para nada. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que xa hai tempo falouse de pensar no voto ponderado, cousa que según ven, non

se propón e que ao mesmo tempo, xa saben que son Comisións Informativas e que en fin, non van a ter, ao mellor, maior trascendencia, aínda que si deberían de tela, e que creen que non reflexa a composición do Pleno, porque se se ven os representantes que se dan a cada un dos grupos políticos nas comisións, o que si está claro é que neste Pleno, Bloque e PP, teñen maioría absoluta, maioría absoluta que se ben xa saben que non vai a ter maior trascendencia, si que hai que deixar constancia de que efectivamente non reflexan esa constitución proporcional Remata a súa intervención o Sr. Galego Feal dicindo que polo exposto vánse abster pero quere deixar constancia de que non se optou polo voto ponderado e que a composición non reflexa a composición actual do Pleno, de correlación de forzas no Pleno así como que ao mellor non son demasiado operativas, ao estar formadas por tanta xente.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, en canto ao voto ponderado, é verdade que se tiña pensado nesa fórmula xa que era a que vían como máis axeitada practicamente tódolos grupos políticos, pero que logo de contrastar legalmente como debe ser a aplicación do voto ponderado, e que nos casos en que se opte por esta vía cada grupo político poderá ter un único representante nas Comisións Informativas e o número de votos polos que vota esa persoa non é o do Pleno, senón que tamén é un número ponderado, co cal ao final o PSOE podía ter un e votaba por cinco non por sete, o PP votaba por tres exactamente, entón, ao final parecélles máis práctico, incluso para favorecer o que lle pasaba ao PP, que moitas veces quedaba fóra das Comisións Informativas porque só tiña un representante, para que poidan ter máis xente todos e poidan liberar a compañeiros de asistir ás comisións para que fagan outro traballo, e que non haxa este tipo de problemas, optar pola vía da presenza proporcional na comisión en vez do voto ponderado. Continúa o Sr. Alcalde e di que, en canto ao número de membros de cada grupo nas Comisións é proporcional e que se se fai unha regra de tres sinxela, se constata que o PSOE, se de 17 membros na Corporación lle corresponden sete neste Pleno, nunha Comisión de once lle corresponden cinco, ao Bloque tres, ao PP dous e a EU un, que é unha fórmula matemática, non que quixeran infrarepresentar nin ao BNG, nin ao PP, nin a ningunha formación política porque tamén EU está representado có 100%, porque non poden dividir ao Sr. Sánchez Martínez en cachiños para estar nas Comisións.

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria a proposta, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, José Antonio López Rodríguez, Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Polo Gundín e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: catro (4), dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN DISTINTOS ÓRGANOS.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto do epígrafe que, que transcrita di:

“ Téndose constituído nova Corporación municipal o pasado día 16 de xuño de 2007, e sendo necesario proceder ao nomeamento de representantes da Corporación en diversos órganos,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA RÍA DE FERROLTERRA: Sr. Alcalde-Presidente, Don José Iván Puentes Rivera.

ASOCIACIÓN COSTA ÁRTABRA: Don Manuel Polo Gundín: suplente , o Sr. Alcalde-Presidente, Don José Iván Puentes Rivera.

CONSELLO DE CAIXA GALICIA: Sr. Alcalde-Presidente, Don Iván Puentes Rivera.

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE: Dona Rita maría couto Seijido. Suplente, Sr. Alcalde-Presidente, Don Iván Puentes Rivera.

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE SAN CIBRAO-FERROL E A SÚA RIA: Sr. Alcalde-Presidente, Don José Iván Puentes Rivera.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece(13) , dos Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, José Antonio López Rodríguez, Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín , Polo Gundín e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Catro (4), dos Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral .

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

8º.- HABILITACIÓN DE LOCAIS PARA OS GRUPOS POLÍTICOS.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto do epígrafe que. transcrita di:

“ Visto o disposto no artigo 27 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no que se establece que nas posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local os diversos grupos políticos disporán na sede da mesma dun despacho ou local para reunirse de xeito independente e recibir visitas dos cidadáns.

PROPÓNSE

Habilitar catro (4) despachos nas dependencias municipais situados na terceira planta da Casa Consistorial destinados a cada un dos grupos políticos representados na Corporación.”

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai catro locais que xa estaban repartidos e que seguirán igual, coa única salvidade de que o BNG e o PSdeG-PSOE intervambiarán locais posto que o local que está ao lado da redacción de Radio Fene sempre é do segundo partido máis votado e faráse este cambio, pero en principio, o Partido Popular permanecerá no despacho que tiñan e dí que aproveita para dicir que son escasos e que haberá que amplialos tan pronto se poida.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

9º.- DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.-

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“ Visto o disposto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo o cal os membros da Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións os pagos das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da referida Lei.

Vista a certificación de Intervención núm. 251/2007 de data 6 de xullo de 2007.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva , en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social :

Cargo	Retribución bruta anual (14 pagas)
Sr. Alcalde-Presidente, Don José Iván Puentes Rivera	41.874,84 €
Concelleira con delegación especial dos servizos de Servizos e Mantemento, Dona Inés Roca Requeijo	27.874,84 €

Segundo.- A contía das retribucións fixadas no apartado anterior será revisada para cada exercicio presupostario con efectos do 1 de xaneiro na forma que establezan as bases de execución do presuposto da Corporación para dito exercicio.

Terceiro- Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen, unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular vai a votar en contra destas dedicacións exclusivas porque , se ben non teñen ningunha oposición a que o alcalde sega mantendo a dedicación exclusiva que tiña antes e practicamente co mesmo importe., en canto a segunda dedicación creen que non procede nestes momentos na situación do Concello; que tamén queren deixar constancia aquí de que non saben da existencia de ningún pacto de goberno que haxa neste Concello, que desde o 16 de xuño que se celebró a Sesión Constitutiva ata hoxe , día 14 de xullo, non souperon absolutamente nada, que ven aquí unha proposta de que se vai dar unha dedicación exclusiva a unha concelleira do Bloque e imaxinan que é porque existe un pacto de goberno entre o Bloque e o PSdG-PSOE porque ,desde logo eles, no Partido Popular, oficialmente nada saben , que o único que saben é pola prensa, e non cre que sexa a prensa o medio máis idóneo para informarlles destas cousas, polo que carecen de infomación previa sobre ese tipo de pacto e ademáis oficialmente non saben nada, non saben nin o que vai durar , nin como vai ser, nin como é, nin se de verdade hai unhas bases establecidas ou simplemente é unha unión de feito, unha unión de dereito, non saben o que é, que a eles ninguén lles explicou nada, e que para proba está o Concello de Ferrol , onde o Partido Popular votou a favor en todas as propostas que fixo o grupo de Goberno, porque estaba informado, pero aquí non se lles informou absolutamente de nada, que en Ferrol tamén se fixo un pacto de Goberno e se firmou en público e , polo tanto, agora queren aproveitar este punto para que, non so ao PP ,senón tamén a tódolos veciños de Fene, se efectivamente hai un pacto escrito no que se vai desenvolver un programa de goberno, que se dea a coñecer á opinión pública, a todo o mundo, que queren que iso se saiba e que saia á opinión pública. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que o que queren saber é simplemente se hai un amor de verán, unha unión temporal, unha parella de feito inscrita no rexistro ou un libro de familia completo , un matrimonio, que queren que iso se saiba porque eles están representando aquí neste momento a 1945 veciños, polo que creen que teñen dereito e que sería moi convinte , moi sano, que se dera a coñecer tanto á oposición coma a tódolos vecinos ese pacto, se existe, se efectivamente é programático, se ten un programa detrás, etc, etc, e di que se iso o souperan, ao mellor, poderíanse pronunciar sobre esa segunda dedicación exclusiva, pero que, tal e como están as cousas, tal e como se plantexou cren que non é o momento de crear ngunha dedicación exclusiva máis , e cren que todos os grupos, a excepción do BNG ,nas eleccións, cando expuxeron os sus programas electorais falaron da precariedade económica do Concello, e que non cren que sexa o momento de crear máis dedicacións exclusivas e que se o grupo de goberno anterior con sete concellerios poida traballar sen máis dedicacións, poderíase seguir traballando exactamente igual.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Manuel Sánchez Martínez, quen, unha vez concedido, manifesta que eles tamén van a votar en contra e que os motivos son outros; di que eles, cando se chega a estas eleccións ,ven que todo mundo falaba dun control de gastos, falábase dunha débeda grande ,que había que reducir o déficit, que anteriormente había unha dedicación exclusiva , que eran eran 41.874 euros, e agora hai dúas , e a outra son 27.894 euros, ao que hai que engadirlle un trinta e pico por cento de cargas sociais; que os números que saen diso se disparan unha animalada e que se a iso se une que na corporación anterior había sete concelleiros membros do grupo de goberno, e eses sete desenvolveron a función de goberno bastante eficazmente, con todo o que se poida criticar, agora hai doce e con doce pódese facer moitísimo mellor; di que ademáis agora non está solucionado o tema de cobrar por despachar có Alcalde e que non hai dúbida de que buscarán algunha forma determinada de que ese traballo se lles compense polo que , se a eses trescentos e pico euros que eran se suman os gastos novos que hai, tanto deses vinte e nove mil máis os gastos sociais, resulta que dos coarenta e un mil oitocentos setenta e catro

euros que se gastaban ata agora, se pasa a oitenta e seis mil euros e pico , o que siñifica máis do dobre que existía, polo que vai votar en contra da proposta.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que aproveita a intervención sobre este punto para manifestar a posición do BNG neste punto en concreto, pero tamén aproveita que é a primeira vez que se dirixe a este Pleno como voceiro para explicar un pouco que hoxe comenzan unha nova etapa, na que el e o seu grupo queren pedir a todos os concelleiros e concelleiras traballo e ilusión para o futuro, e comprensión por aqueles erros que poidan cometer, ou os que teñan cometido, que lles disculpen se é por falta de experiencia. Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín dicindo que en referencia ao que dicía o voceiro do PP, pide disculpas se non se lles deu a información axeitada, que eles nese senso cre, e vai ser unha práctica de goberno a de ter informados a todos os grupos, a todos os voceiros municipais, e , en canto ao que é o asunto que se trata, o tema das dedicacións exclusivas, manifesta que empezan unha nova etapa, que teñen catro anos por diante para demostrar se son quen de sacar adiante o programa de goberno conxunto que teñen asinado públicamente o PSdeG-PSOE e o BNG; di que desde o BNG teñen gañas de levalo adiante o máis eficazmente posible, non queren que se lles pase en setembro o amor, senón que teñen moita ilusión, gañas de demostrar que o BNG é unha forza política de goberno e que o vai seguir sendo en Fene, se pode ser, durante catro anos, e cumprindo ese acordo, polo que entenden que un dos recursos fundamentais ou importantes para que iso sexa así é que as persoas do Concello, os membros da Corporación que teñan responsabilidades de goberno, canto menos parte delas, teñan unha dedicación que lles poida permitir iso no Concello, atender aos veciños e veciñas o máis eficazmente posible e que por iso eles van votar a favor, como resulta obvio, pero ademáis por unha cuestión de practicidade, porque pensa que o Concello, para ser eficiente, ten que ter recursos humanos con tempo e adicación para obter aqueles recursos financeiros que lles permitan mellorar en todo o posible as finanzas do Concello, obtendo novos recursos, subvencións e facendo xestión ,e que para iso tamén ten que haber xente que teña tempo e á que se lle poida esixir que ese tempo o adique en beneficio de todos e de todas.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que respecto a este punto, o grupo municipal socialista quere manifestar, igual que fixo o voceiro do BNG, as súas disculpas aos dous grupos que están na oposición, o PP e EU-IU, xa que podía ter sido procedente facer unha explicación do acordo de goberno específica para os grupos municipais, e que en todo caso, manifesta o seu compromiso de corrixir isto no futuro e tentar manter, canto menos reunións de voceiros antes dos Plenos, ou, polo menos, cando concorran temas que sexan de transcendencia para o conxunto do Concello; di que , en calquera caso, as formas tampouco poden ocultar o fondo, xa que non é un pacto escuro, descoñecido, senón que é un pacto público, para a cidadanía, un pacto que se asinou nesta sala coa presenza de numeroso público, ante tódolos medios de comunicación, que é, evidentemente, un acordo de goberno, un acordo de goberno responsable que o que trata é de garanti-la estabilidade do goberno municipal para os vindeiros catro anos, que ten compromiso ou teñen en todo caso a ilusión de que sexa un pacto estable para toda a lexislatura, que confirma liñas de transformación e de progreso para o Concello , pero que ,en todo caso, bríndase persoalmente , como voceiro do seu grupo, a trasladar as explicacións que considere oportunas o PP e o seu voceiro, pero que é un acordo público, transparente e limpo , e cun programa de goberno que o respalda, con medidas concretas e con liñas de transformación claras , onde se define qué parte é do programa do partido socialista e qué parte é do programa do BNG , e onde se asume un compromiso de goberno para os vindeiros catro anos, e que, en canto ao tema que se trata, o relativo ás dedicacións exclusivas, o Partido Socialista ten unha cousa clara e é que se

presentaron ás eleccións para transformar e mellorar o funcionamento do Concello e que para iso fan falta recursos, entre eles, os humanos, xa que é impensable que determinadas medidas que van dentro do programa do Partido Socialista, que, tamén, nalgunha medida se contemplan no do BNG; e que hoxe configuran o programa de goberno deste Concello, poidan levarse a cabo sen os recursos precisos para elo; unha política de control de gasto, de saneamento, de optimización dos recursos municipais é imposible facela desde fóra do Concello, xa que tense que facer desde dentro cós recursos que son necesarios para tal fin, e que se se fai unha comparativa dos Concellos do tamaño de Fene, a proposta que se fai de liberacións está moi por debaixo da media, non soamente na Provincia, senón de toda Galicia, e en todo caso, moi por debaixo de moitos Concellos gobernados por calquera das forzas políticas que están representadas neste Concello, incluído o Partido Popular. Remata a súa intervención o Sr. Noceda Carballo dicindo que polo tanto, o Partido Socialista vai apoiar esta medida porque é unha medida para mellorar o Concello, para optimizar os recursos e para atender mellor aos cidadáns.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que na liña que apuntaban os voceiros do BNG e do PSdeG-PSOE, quere aclararlle ao voceiro do PP e ao de EU-IU que son perfectamente conscientes de que a economía municipal ten que mellorar moito, de que hai que saneala, reducir débeda, que son perfectamente conscientes de todo iso e que , precisamente porque son conscientes, o salario do alcalde manténse exactamente igual que antes, conxéllase, está idéntico, nin un céntimo máis, aínda sendo un salario ínfimamente inferior do que é habitual en calquera Concello e que iso o fan porque son conscientes de que hai que dar exemplo desde o goberno; di que tamén pide que se releixione sobre unha cousa , que hai unha realidade, que, ao mellor non é moi ortodoxa dicila, pero é unha realidade, e é que esta Corporación municipal tivo a sorte durante moitos anos de vivir de Astano e ter unha Coporación de membros que estaban traballando en Astano e tiñan todo o tempo do mundo para pode adicarse as labouras municipais, pero que hoxe, nesta Corporación, porque existe un relevo xeneracional importantísimo, só hai dúas persoas que traballan en Navantia e os demáis teñen os seus traballos, cós seus horarios e as súas obrigas laborais, polo que entente que si é preciso ser responsable e entender que fai falta que estén a plena dedicación , alomenos dúas persoas, que xa son poucas, que estean permanentemente no Concello, atendendo aos vecinos e intentando resolver problemas. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que quere sumarse as desculpas do voceiro do BNG e do do PSdeG-PSOE, xa que entende que o Pleno e onde hai que tomar decisións e onde hai que discutir, pero tamén informar aos grupos políticos da oposición do que acontece; que reitera as desculpas e transmite a súa vontade como Alcalde de que, na medida do posible e na medida na que a urxencia o permita, todos os asuntos que poidan vir ao Pleno e todos aqueles que se vaian debatindo no día a día do Concello, poda reunir á xunta de voceiros , falalos e dialogalos, porque, como dixo o primeiro día, ésta é unha lexislatura de diálogo .

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que non lle parece ben todo o que acaba de escoitar porque falla a base, xa que eles de ese acordo ,que din que é moi bo, non teñen coñecemento e que ante o descoñecido non poden votar a cegas polo que o su voto vai ser en contra, tanto neste punto como no relativo ao do persoal eventual.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que quere que as cousas queden claras; que do primeiro punto do acordo non di nada, que parécelle ben a conxelación do salario dos concelleiros, pero có que non está de acordo é cunha serie de cousas que se dín; que na outra lexislatura había sete persoas e agora hai cinco máis e que os números non cadran. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo

que reitera outra vez que se os sete anteriores, para él fixeron o traballo bastante ben, porque non hai dúbida de que o Concello funcionou, e que con doce cre que os números cantan en todas partes e que ve que con isto xa se lles multiplica por dous así como que dará máis explicacións no próximo punto.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta ao Sr. Sánchez Martínez que ben que lle pesa dicilo, pero que se os sete anteriores o fixeran tan ben, eles non perderían mil e pico votos nas eleccións ; di que hai cuestións que son claras, que os recursos humanos nos Concellos son necesarios, que desde a dirección política é necesario ter xente, e que non é simplemente votar a conta se un traballa na Administración pública, se traballa nun asteleiro, e se pode saír media mañá, senón que teñen que ter recursos humanos, persoas que poidan traballar e que, en todo caso, a medio prazo valorarás e poderás ver se ese rendemento, se ese traballo é eficiente, suficiente, ou insuficiente e que está disposto a admitir e asumir as críticas que se fagan nese senso; que teñen un programa de futuro ambicioso e transformador para o que teñen que ter persoas que sexan capaces e que teñan tempo material, persoas ás que se lles poida esixir ese tempo material para levalo adiante e, en definitiva, mellorar a calidade dos vecinos e veciñas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que quere volver a aclarar unha cousa e é que a verdade é que se está intentando deixar sombra sobre cousas que non a teñen; que cando se fai un acto público como o que se fixo aquí, se reparten copias do acordo de goberno que poideron levar calquera dos asistentes, cando incluso está información colgada na súa páxina web sobre o acordo de goberno, cre que non é serio dicir que se están a ocultar cousas aos vecinos xa que todo iso son mostras de que non hai ningún interese en ocultar o acordo a ninguén, senón todo o contrario, xa que decidíuse facer un acto público para presentar o acordo de goberno porque se quería facer algo transparente , e que todos poideran ver o que se falaba, o que se pactaba e o que se acordaba, polo que di que lamenta ter que dicir que ve pouca seriedade e pouca responsabilidade cando se dí o contrario. Continúa o Sr. Noceda Carballo dicindo que , en canto á dispoñibilidade de recursos, lamenta non coincidir cá análise feita, que en todo caso hai unha cousa que comentaba o voceiro do BNG e que é evidente ,que se aquí as cousas foran ben, non tería cambiado o resultado electoral, e cambiou, e ese cambio é porque existían algunhas cousas que tiñan que mellorar; di que están convencidos da necesidade dunha transformación, dunha optimización dos recursos e de dotar de tódolos instrumentos municipais a todas as unidades organizativas , de maior eficacia e de maior eficiencia e que para iso é imprescindible ter persoas que sexan capaces de facelo e que se xulgarán polo traballo feito, pero que de principio, tratar de abortar a creación dos mecanismos, das ferramentas necesarias para poñer ó día, para optimizar o funcionamento dun Concello coma este, có volume de traballo que xenera, parécelle, canto menos, imprudente.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que ninguén está a falar de oscurantismo de ningún tipo, que eles o que din é que fallan determinadas cousas, que se o PP se vai ter que enterar dos pactos de goberno pola prensa, van fastidiados, e que ao mellor convén votar andar primeiro para ver se efectivamente fai falta xente, e pide que non se terxiverxen as súas palabras xa que él non fala de oscurantismo, que xa sabe que houbo un acto público, porque se enterou polo prensa pero que él non quere enterarse desas cousas pola prensa, que oficialmente non se lles comunicou o acordo e que desde o día 16 de xuño ata hoxe non souperon nada ; que iso é ao que él se refire, e que se iso vai seguir sendo así parécelle que as cousas non van ir ben.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria a proposta da Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, José Antonio López Rodríguez, Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Polo Gundín.

Votos en contra: Cinco (5), dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral, e Sánchez Martínez.

Abstencións: Ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobada proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

10º.- INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS DOS CONCELLEIROS/AS AS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto eprigrafiado que, transcrita di:

“ Visto que o artigo 75.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local preceptúa que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación da que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- Determinar o importe das retribucións por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais que se indican:

ÓRGANO COLEXIADO	IMPORTE
Concello Pleno:	
Sesión ordinaria	372,56 euros
Sesión extraordinaria	77,39 euros
Xunta de Goberno Local	85,00 euros

Segundo.- En caso de concorrer a dúas ou máis sesións do Pleno ou Xunta de Goberno Local no mesmo día e cuxa hora de inicio, segundo convocatoria non difira en máis de tres horas, os Sres. Concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

Terceiro.- A contía das indemnizacións fixadas neste acordo será revisada para cada exercicio presupostario con efectos do 1 de xaneiro, na forma na forma que establezan as bases de execución do presuposto para dito exercicio.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

11º.- ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto do epígrafe que, transcrita di:

“ Visto que segundo dispón o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, o Pleno da Corporación, con cargo aos presupostos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun componente fixo, idéntico pata todos os grupos, e outro variable , en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral na Lei de presupostos xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO :

Primeiro.- Determinar que a dotación económica para os Grupos políticos municipais, en consonancia có establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 d abril, reguladora das bases do réxime local, constará dun componente fixo (grupo político) e outro variable(por cada Concelleiro/a que integra o grupo) segundo o seguinte detalle:

Por cada grupo político: 172,46 euros/mes

Por cada Concelleiro que integra o grupo político: 36,49 euros/mes

Segundo.- Os efectos económicos do presente acordo se producirán a partires do día da data.

Terceiro.- As cantidades sinaladas como dotación a percibir polos diferentes grupos políticos municipais non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Os distintos grupos municipais levarán unha contabilidade específica da dotación asignada, na forma que determine a Intervención de fondos municipal, que porán a disposición inmediata do pleno da Corporación sempre que este o solicite.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a propsota, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

12º.- DETERMINACIÓN, NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL.-

De seguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto do epígrafe que, transcrita di:

“Téndose constituído a nova Corporación municipal o pasado día 16 de xuño de 2007.

Visto o disposto no artigo 104.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, segundo o cal o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno da Corporación ao comezo do seu mandato e que estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos presupostos anuais

Visto o informe da Intervención municipal núm. 252 /2007, de data 6 de xuño de 2007 , no que se informa a inexistencia de crédito axeitado e suficiente para a aportación municipal nas partidas correspondentes do capítulo de gastos, para a aprobación da plantilla de persoal eventual

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza e asesoramento especial, coa denominación e retribucións que a seguir se indican:

NÚMERO POSTOS	DENOMINACIÓN	REQUISITOS	RETRIBUCIÓN ANUAL(14 pagas)
2	Auxiliares de apoio ao goberno municipal	Graduado escolar	19.918,39 €
1	Responsable comunicación	Graduado escolar	19.918,39 €

Segundo.- A contía das retribucións fixadas no apartado anterior será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, coa porcentaxe de incremento que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.

Terceiro.- Non estando previsto no presuposto municipal vixente a correspondente consignación presupostaria para os mencionados postos, non se efectuarán nomeamentos para ocupar os mesmos, en tanto se aproben polo órgano competente da Corporación o correspondente expediente de modificación presupostaria.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que van votar en contra deste punto porque cren que estas contratacións son innecesarias e que, como dixeron anteriormente, é un derroche ,e que non van a insistir no que xa dixeron do pacto que, reitera, descoñecen ; di que se o grupo de goberno considera que a contratación destas persoas é necesaria, urxente, e, ademáis que non se pode prescindir delas para levar ese pacto, alá eles, alá o grupo de goberno, pero o PP non vai apoiar isto que cre que é un despilfarro total. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que os medios persoais que ten o Concello, con máis de douscentos traballadores, por exemplo, en canto ao responsable de comunicación, ao mellor, poderíase detraer algunha persoa de Radio Fene para que fixera esas labouras de comunicación e que en canto aos dous auxiliares de apoio ao goberno municipal, a titulación deles é de graduado escolar, polo que cre que se os funcionarios non se poden considerar persoal de confianza para o grupo de goberno van mal; di que se o anterior xa era difícil de xustificar, moito máis vai ser de xustificar isto; que hai un informe de intervención que di que non hai partida presupostaria para facerse cargo destes tres novos salarios e que hai que ter en conta que son tres novos salarios por case vinte e pico mil euros e quere recordar que hai un informe do Consello de contas que debe ser do ano 2000 ou 2001 aproximadamente que xa mandaba ao grupo de goberno anterior dotar 120.000 euros para ir atallando a débeda deste Concello; que o que está claro é que sempre que se vai facendo alardes de austeridade chega un momento que a austeridade é o que xa se veu na Xunta de Galicia, que os altos cargos pasaron de ser 1.000 a ser agora 1.500. Remata o Sr. Galego Feal a súa intervención dicindo que van a votar en contra porque , como dixon, lles parece un despilfarro, e que se é necesario para desenvolver o pacto de goberno, cre que é prioritario votar man da xente da casa antes de

contratar xente de forra, a non ser que se deban cumprir ou pagar algúns favores ou contratar a determinadas persoas que as eleccións non puxeron dentro do grupo de goberno.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que unha vez analizado o tema, a conclusión á que chega é que é innecesario e non ten xustificación algunha; que se se suman a estes salarios os custos da seguridade social, saen nin máis nin menos que por oitenta mil euros un pouco pasados e que está tirando polo baixo, xa que se afina é algo máis, é dicir, trece con tres millóns de pesetas. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que quere recordar que cando na lexislatura pasada se propuso polo grupo de goberno que naquel momento estaba poñer unha persoa de apoio ao Alcalde, os tres grupos, PSOE, PP e EU o rexeitaron na Comisión que se tratou o asunto, e que os argumentos que naquel momento se deron eran que non era necesario e que había traballadores dentro do Concello que podían desenvolver esa función.

(Sendo as quince horas e catro minutos auséntase do Salón de sesións a Concelleira D^a Rita María Couto Seijido)

Continúa o Sr. Sánchez Martínez a súa intervención e di que segue manténdose naquela idea, que para él os traballadores do Concello son excelentes profesionais, que ata o día de hoxe demostraron que son bos e que desde EU-IU se teñen que darlle un calificativo daríanlles un notable alto, traballadores que poden perfectamente desenvolver esas funcións e que se antes no grupo de goberno había sete persoas e agora hai doce, se pregunta se non son de suficiente confianza para desenvolver esas funcións que aquí se dín; que votando números saen case cento trinta e catro mil euros a maiores e que iso supón, nin máis nin menos que vintedous millóns duascenas noventa mil pesetas, e di que se queda curto, que iso supón que a cada veciño, por esta xogada, sáenlle mil quinientas pesetas.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que por non reiterar argumentos anteriores, e falando e concreto, este tipo de persoal eventual non ten que ter as mesmas características que ten que cumprir o persoal funcionario, que é un tipo de persoal diferente porque ademáis o marca así a lexislación, e ademáis comeza a traballar cando se dispoña políticamente e cesa cando se cesa políticamente, ou incluso antes do período dos catro anos, que son de libre designación nun senso pleno, e é un persoal que eles entenden que é necesario para moitas cuestións prácticas do día a día, de xestión de axenda, de xestión política, non de xestión política do que teña que facer un concelleiro ou concelleira, de temas e de apoios concretos a nivel administrativo á cuestión do goberno, e que por iso eles van apoiar a proposta, porque parécelles necesario. Continúa o Sr. Polo Gundín dicindo que son conscientes do problema económico do Concello, pero que nestes catro anos que teñen por diante teñen unha meta moi clara, e teñen que ter recursos suficientes e suficientemente competitivos, que dean o suficiente rendemento para que o Concello obteña doutras administracións eses recursos financeiros, eses recursos en investimentos porque esa será a maneira de que o capítulo sexto do presuposto non vaia a conta da autoxestión, senón de buscar xestión tamén doutras administracións públicas e que con iso pódese alcanzar o equilibrio financeiro que lles permita mellorar a calidade de vida dos veciños.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que están nun debate moi similar ao anterior e que, quere dicirlle ao Sr. Sánchez Martínez que non queren gastar máis, senón investir no futuro do Concello e que o primeiro elemento para investir no futuro do Concello e dotarse dos recursos precisos para que Fene poida despegar, poida captar máis recursos, solucionar os problemas que ten na xestión dos

diferentes servizos e que pódese estar de acordo ou non no número que se plantexa e nas funcionalidades, que poden ser máis ou menos, pero que en calquera caso, para eles é absolutamente evidente que non é unha proposta de gasto, senón de investimento na mellora do funcionamento do Concello, de mellora dos recursos para captar investimentos para o Concello e que non coincide en que sexa un desfilfarro porque se se ven as prazas que están definidas, son para realizar tarefas de xestión política, polo que non é que se despilfarre, senón que é que ,ante a necesidade de dotarse dos recursos e dos mecanismos humanos precisos, óptase polas fórmulas de contratación máis económicas para o Concello, ou, polo menos , de medidas económicas para este Concello; di que se poden utilizar moitos elementos comparativos do que lles custa aos vecinos esta medida ou do que lle custa ao Concello, pero non é menos certo que a este Concello, soamente o funcionamento ordinario dos Plenos cústalle preto de sesenta mil euros ao ano e non cre que ninguén se atreva a dicir que estes plenos deixen de celebrarse ou que os plenos son un gasto innecesario para o funcionamento do Concello. Continúa a súa intervención o Sr. Noceda Carballo e di que as medidas que se adoptan son para mellorar o funcionamento desta casa, para complementar o bo traballo técnico do persoal desta casa con persoal de dirección política que pode levar a conquistar o impluso que é preciso para as transformacións que se necesitan , tanto dentro da casa como de cara aos veciños e que, polo tanto, o PSdeG-PSOE vai apoiar esta medida , porque consideran que non é un gasto, senón un investimento e que os veciños van ver nos vindeiros meses cales van ser os beneficios dos cambios que se tratan de implementar. Remata a súa intervención o Sr. Noceda Carballo dicindo que lamenta que existan forzas políticas que noutras institucións están defendendo e están aprobando que se realicen contratacións similares e que hoxe aquí non poidan chegar a este acordo e que está convencido de que non tardará moito tempo en que se vexa a eficacia das medidas que están a plantexar que, en calquera caso, están condicionadas á existencia de crédito suficiente para abordalo.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que non se confundan as cousas, que non se comparen os gastos deste Pleno co gasto destas tres persoas, xa que non son comparables e hai que comparar entre iguais, é dicir, que non se está a falar das mesmas cousas, non se está a falar do Pleno, senón de tres persoas que se van contratar para axudar, presuntamente, ao grupo de goberno; que as comparacións son odiosas neste sento e que o que si cren é que efectivamente estáse a falar , se acaba de dicir, que son persoas técnicas de xestión e dirección política e pregunta para qué están os concelleiros. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que entón o que estáse a contratar son comisarios políticos, se se fala de xestión, xa que outra cousa é xestión técnica, pero para a xestión política, para iso están os grupos municipais, para iso os elixiu a xente , os veciños de Fene, para estar aquí para a dirección política; di que entón esas persoas asimiran determinadas funcións específicas dentro do pacto de goberno e que o que lles gustaría saber é cales son, porque non pode confundirse, senón, se desfán de todos os técnicos municipais, botan á Secretaria, ao arquitecto , a todo o mundo e non é así, cada cousa no seu sitio; que unha cousa é o Concello e outra cousa o que o grupo de goberno quere facer; di que sería moi convinte que o grupo de goberno dixera qué cometidos van facer e que ademáis, non é un gasto desprezable como se está a dicir, porque , ao mellor estáse a falar dun quince por cento do que quedou o ano pasado para investimento real no Concello.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, quen, unha vez concedido, manifesta que se vinte e tres millóns que se piden non son nada, cando na anterior lexislatura se chegou a cuestionar o tema dos taxis do Alcalde, que baixe deus e o vexa; di que comprende moitísimas cousas e ás veces hai que felicitar a quen está nunha posición difícil

cando ten que defender cousas que son practicamente inxustificables, que para el apoiar isto é unha auténtica locura, e que volve a repetir que a cada veciño lle supón mil quinientas pesetas e que cunha decisión destas moi mal ve que o pobo progrese, que se reduza a débeda e que cambie algo

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, José Antonio López Rodríguez, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Polo Gundín..

Votos en contra: Cinco (5), dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral, e Sánchez Martínez.

Abstencións: De conformidade có disposto no artigo 100.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, unha(1), da Sra. Couto Sejjido, ao terse ausentado do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

13º.- MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN.-

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de Xullo de 2007 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“Téndose constituído a nova Corporación municipal en data 16 de xuño de 2007, como consecuencia das eleccións celebradas o día 27 de maio e vistos os escritos de constitución dos grupos políticos municipais .

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Modifica-la composición da Mesa de contratación, quedando integrada do seguinte xeito:

Presidente: O Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.

Vocais: Un/unha Concelleiro/a do grupo político do PsdeG-PSOE.

Un/Unha Concelleiro/a do grupo político do BNG.

Un/unha Concelleiro/a do grupo político do PP.

Un concelleiro do grupo mixto.

O enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal

O/A Interventor/a do Concello

O/A Secretario/a do Concello

Secretario/a: Un /unha funcionario/a do Concello.

A designación dos membros que, en representación de cada grupo deban formar parte da Mesade contratación realizaráse mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno.”

Non producídose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta, sendo aprobada por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as presentes(Desásete dos /as dezaioito que, de dereito, constitúen a Corporación).

À vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás quince horas e vinte e un minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e praxe,
Alcalde-presidente

A secretaria

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.